



XESTUR

galicia

**ANUNCIO DAS CONDICIÓNS VANTAXOSAS PARA AS NOVAS ADXUDICACIÓNS DE PARCELAS EN DEREITO DE SUPERFICIE, COMO CONSECUENCIA DA PANDEMIA DO COVID 19.**

O Centro de Coordinación operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, ocasionada polo COVID 19 (CECOP), na súa reunión de 5 de maio de 2020, adoptou un acordo polo que se autoriza á empresa pública XESTUR, S.A. para aplicar condicións vantaxosas para as novas adxudicacións de parcelas en dereito de superficie, como consecuencia da pandemia do COVID 19, e como medida de fomento da implantación empresarial.

En virtude do acordo antes citado, XESTUR, S.A., logo das tramitacións oportunas, poderá establecer nas novas adxudicacións de parcelas en dereito de superficie que se realicen ata os dos 12 meses seguintes á finalización do período de alarma, as seguintes condicións:

- Outorgaranse tres anos de carencia para iniciar o pagamento do canon, fronte ao ano que se aplica actualmente. Polo tanto, dous anos máis de carencia que actualmente. O importe do canon correspondente ao período de carencia, será aboado polo superficiario nos oito anos seguintes ao remate deste.
- Os adxudicatarios en dereito de superficie poderán adquirir a parcela mantendo o desconto do 40% das cantidades abonadas en concepto de canon nos 12 primeiros anos, fronte aos 10 que rexen actualmente. Polo tanto, terán dous anos máis para que se lle desconte do prezo da parcela o 40% das cantidades satisfeitas en concepto de canon.
- Os adxudicatarios en dereito de superficie poderán adquirir a parcela aplicándolle ao prezo a metade da bonificación que, no seu caso, se lle aplique a parcela no momento de adxudicación da mesma en dereito de superficie. Actualmente, este prazo con bonificación era de seis anos e pasaría a ser de oito.

En consecuencia, naquelas solicitudes de dereito de superficie que se realicen ata os dos 12 meses seguintes á finalización do período de alarma, os peticionarios poderán solicitar a aplicación destas condicións.

As novas solicitudes de dereitos de superficie sobre parcelas propiedade de XESTUR, S.A. non poderán presentarse ata que se resolvan as axudicacións do presente concurso de venda de parcelas, cuxos prazos de tramitación foron suspendidos como consecuencia da declaración do estado de alarma.

En Santiago de Compostela, a 26 de maio de 2020

Asdo.

María Doportó Santos

Xerente de XESTUR, S.A.